

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ORDE do 13 de novembro de 2020 de concesión directa de subvencións a centros docentes privados concertados para afrontar gastos de organización e funcionamento no curso 2020/21 derivados da COVID-19.

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe competencia plena á Comunidade Autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións dos artigos 27 e 149 da Constitución española.

A suspensión da actividade educativa presencial o pasado mes de marzo do presente ano debida á incidencia da pandemia de COVID-19 provocou unha alteración brusca do desenvolvemento do curso 2019/20, o que obrigou, tanto ao profesorado como ao conxunto da comunidade educativa, a facer un grande esforzo para poder dar continuidade á actividade lectiva por medio doutras modalidades de ensino e aprendizaxe.

O presente curso 2020/21 tamén supón un gran reto, ante a necesidade de cumprir cos obxectivos educativos e de sociabilidade necesarios para o desenvolvemento equitativo do alumnado, e facelo aplicando as medidas de prevención e control da COVID-19 para dispoñer de centros educativos seguros.

A aplicación das previsións da normativa sanitaria, así como a aplicación das instrucións específicas do ámbito educativo, pretende favorecer ao máximo a garantía de seguridade e, ao mesmo tempo, a actividade lectiva presencial para o alumnado de todos os niveis e etapas educativas, con prioridade para o alumnado de menor idade. E o cumprimento destas exixencias obriga os centros docentes privados concertados a adaptárense en función das súas posibilidades: número e dimensión das aulas, número de docentes e número e características do alumnado.

Esta orde ten por obxecto establecer a concesión directa, con carácter excepcional, de subvencións para a dotación extraordinaria de recursos económicos que permita aos centros educativos privados concertados afrontar durante o curso 2020/21 o aumento dos gastos derivados do incremento de horas adicionais do profesorado ou da necesidade de adecuar os espazos educativos e a adquisición de material hixiénico-sanitario, no marco da situación excepcional derivada da COVID-19.



O artigo 49 da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, e os artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establecen a posibilidade de conceder, con carácter excepcional, subvencións de forma directa, cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia en atención ao seu importe.

Así mesmo, os artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o seu regulamento, permiten excepcionalmente por razóns debidamente xustificadas, o pagamento anticipado aos beneficiarios do importe total da subvención sen exixir ningún réxime de garantías, logo de autorización do Consello da Xunta de Galicia.

No presente caso, a concesión directa da subvención está xustificada pola concorrencia das seguintes circunstancias:

O artigo 9 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, establece nos centros educativos unha distancia de seguridade de 1,5 metros e, cando non sexa posible mantela, a observación de medidas de hixiene adecuadas para previr os contaxios.

No ámbito de Galicia, o punto 3.1.A) do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 dos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21 organiza o alumnado de educación infantil e primaria en grupos de convivencia estable, mantendo en todo caso a máxima distancia que permita a aula. Esta opción é a que mellor pode garantir a rastrexabilidade e a xestión dos casos de contaxio que poidan producirse e, así mesmo, permite que os nenos e as nenas poidan socializar e xogar entre eles, ademais de que sería practicamente imposible que manteñan a distancia interpersoal de 1,5 metros.

E a Orde do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 (DOG número 189, do 17 de setembro), para as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial establece que a actividade lectiva será presencial para todos os niveis e etapas educativas, con prioridade para o alumnado con menor idade, mantendo unha distancia de polo menos 1,5 metros na interacción entre persoas no centro educativo, e a máxima que permita a aula entre os postos escolares.



Así mesmo, para o caso de que a aula non permita as distancias indicadas, a devandita orde prevé a adopción dalgunha das seguintes medidas: retirada de mobiliario non indispensable ou a utilización de aulas alternativas e, se tampouco fose posible manter a distancia de 1,5 metros, o centro poderá optar polas seguintes opcións: semipresencialidade rotatoria, agás educación secundaria obrigatoria, instalación de anteparos ou separacións, ou desdoblamento de grupos de alumnado.

Todo isto exige un aumento do número de horas de docencia en función do alumnado. Ademais, tamén pode ser necesario adaptar espazos, ben para acoller novos grupos de convivencia estable, ben para posibilitar a distancia interpersonal de 1,5 metros ou para adaptalos aos plans de continxencia elaborados polos centros; así mesmo, pode ser necesaria a adquisición de material adicional para realizar as separacións.

Así pois, a necesidade de dar unha resposta adecuada ás dificultades que pode xerar no funcionamento dos centros docentes privados concertados a adopción destas medidas e a súa excepcionalidade, engadida á necesidade de asegurar a correcta prestación do servizo público educativo, determina que sexa imprescindible e, pola súa vez xustifica, a tramitación do presente procedemento de concesión directa de subvencións e o pagamento anticipado aos beneficiarios da totalidade do importe concedido no respectivo exercicio, sen ningún réxime de garantías.

Na súa virtude, logo da autorización do Consello da Xunta de Galicia por Acordo do 12 de novembro de 2020, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto a concesión directa de subvencións a centros privados concertados, con carácter excepcional, para poder afrontar no curso 2020/21 os gastos derivados das seguintes actuacións motivadas pola pandemia de COVID-19:

- a) Incremento de horas adicionais do profesorado na educación secundaria obrigatoria no período comprendido entre o 23 de setembro de 2020 e o 30 de xuño de 2021.
- b) Outros gastos extraordinarios necesarios para a adecuación de espazos educativos, a instalación de anteparos ou separacións e a adquisición de material hixiénico-sanitario.



Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

As subvencións concedidas nesta orde distribuiranse entre os centros privados concertados que impartan o 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica, de grao medio e superior e educación especial, nos conceptos e contías indicadas no anexo desta orde, resultantes da análise efectuada pola inspección educativa das necesidades de incrementar o profesorado naqueles supostos en que é preciso realizar desdobramentos en educación secundaria obrigatoria, así como dispoñer de diversos materiais para respectar a distancia interpersonal e outras medidas de protección e control en función da tipoloxía dos centros, das unidades concertadas e do alumnado escolarizado en cada centro.

Artigo 3. *Procedemento de concesión*

As subvencións reguladas nesta orde teñen carácter excepcional e están xustificadas por razóns de interese público, social, económico e humanitario que dificultan a súa convocatoria pública, polo que procede aplicar o procedemento de concesión directa, segundo o previsto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Competencia para a xestión do procedemento*

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos asumirá a competencia para tramitar o procedemento de xestión e xustificación desta subvención, e o Servizo de Centros é a unidade responsable do procedemento.

Artigo 5. *Financiamento*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade financiará esta subvención con cargo á aplicación orzamentaria 10.30.423A.482.2, por un importe de 4.546.291,00 € no exercicio 2020 e 2.703.720,00 € no exercicio 2021.

O orzamento para cada unha das actuacións subvencionadas é o seguinte:

1. O incremento para horas adicionais de profesorado de educación secundaria obrigatoria no período comprendido entre o 23 de setembro de 2020 e o 30 de xuño de 2021, por importe de 1.455.844 € para o ano 2020 e na contía de 2.703.720 € para o ano 2021.



2. Outros gastos extraordinarios necesarios para a adecuación de espazos educativos, a instalación de anteparos ou separacións e a adquisición de material hixiénico-sanitario, no período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2020, por importe de 3.090.447 € para o ano 2020.

Artigo 6. *Actuacións subvencionadas*

1. Contratar profesorado para impartir as horas adicionais de docencia derivadas do desdoblamento extraordinario de grupos na educación secundaria obrigatoria motivado pola COVID-19, durante o período indicado no artigo 1.

2. Adecuar os espazos dispoñibles no centro educativo para garantir a distancia interpersonal, instalar anteparos ou separacións nas aulas e adquirir material hixiénico-sanitario (máscaras, hidroxel...), de acordo cos requirimentos mínimos establecidos polas autoridades educativas e sanitarias motivados pola COVID-19.

Os centros docentes deberán distribuír máscaras entre o alumnado matriculado en ensino obrigatorio con rendas baixas e en educación especial, seguindo o procedemento e criterios que estableza esta consellería.

Artigo 7. *Condicións previas ao pagamento*

1. O pagamento do importe da subvención concedida nesta orde está suxeito ás seguintes condicións:

a) Que o centro estea ao día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia. A unidade de xestión do procedemento consultará estes datos, agás que o titular do centro beneficiario se opoña expresamente e achegue os documentos.

b) Que o centro beneficiario non renuncie expresamente á subvención.

2. A oposición á consulta automatizada dos datos indicados e a achega dos documentos e/ou a renuncia expresa á subvención, deberán realizarse no prazo de 5 días hábiles seguintes á publicación desta orde de concesión no *Diario Oficial de Galicia*.



Este trámite farase electronicamente utilizando o modelo PR004A (Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, que irá dirixido ao Servizo de Centros da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e indicará no recadro «Asunto relacionado» o seguinte: «Condições previas subvencións COVID-19».

3. Cando o resultado da consulta automatizada dos datos indicados poña de manifesto que non está ao día nas devanditas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, requirirase o afectado para que, no prazo de 5 días hábiles seguintes á notificación do requirimento, achegue o documento que acredite o dato.

4. A titularidade do centro perderá o dereito ao cobramento da subvención:

a) Se se opón de forma expresa á comprobación automatizada dos datos indicados e non achega os documentos acreditativos e/ou renuncia expresamente á subvención no prazo do número 2 deste artigo.

b) Se o resultado da consulta automatizada dos datos pon de manifesto unha situación de incumprimento das obrigas e non achega a documentación que o acredite no prazo do número 3 deste artigo.

Artigo 8. *Pagamento anticipado da subvención*

1. De acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase aos beneficiarios o pagamento anticipado do 100 % do importe subvencionado para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen exigir ningún tipo de garantías e sen que se supere a contía da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

2. O Consello da Xunta de Galicia autorizará o dito pagamento anticipado, nos termos previstos no artigo 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. As subvencións concedidas nesta orde aboaranse:

a) As destinadas a horas adicionais de profesorado do período comprendido entre o 23 de setembro e o 31 de decembro de 2020, con cargo o orzamento de 2020, a partir da entrada en vigor da presente orde; e as do período comprendido entre o 1 de xaneiro e



o 30 de xuño de 2021, con cargo ao orzamento de 2021, e logo da xustificación de todos os importes recibidos no exercicio 2020.

b) A destinada a outros gastos extraordinarios, integramente con cargo ao orzamento de 2020, a partir da entrada en vigor da presente orde.

Artigo 9. *Xustificación da subvención*

1. A subvención xustificarse na forma prevista no artigo 7.2 desta orde, pero indicando no recadro «Asunto relacionado» o seguinte: «Xustificación subvencións COVID-19».

2. Esta xustificación realizarase:

2.1. No caso de horas adicionais para impartir docencia: achegando a nómina aboada á persoa traballadora e a acreditación do seu ingreso; así mesmo, a liquidación e ingreso das cotizacións á Seguridade Social e o ingreso da retención á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.2. No caso doutras actuacións extraordinarias: achegando as facturas expedidas a nome do centro ou outros documentos acreditativos dos gastos derivados da execución das actividades subvencionadas, así como o xustificante de ter aboado efectivamente o seu importe.

3. A anterior xustificación deberá facerse:

3.1. Polas cantidades aboadas ou gastos facturados ata o 31 de decembro de 2020: antes do 31 de xaneiro de 2021 (este incluído).

3.2. Por cantidades aboadas ou gastos facturados entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2021: antes do 31 de xullo de 2021 (este incluído).

4. En caso de incumprimento total ou parcial da obriga de xustificar o efectivo emprego da subvención recibida, procederá o reintegro total ou da parte proporcional non xustificada, nos termos previstos nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 10. *Compatibilidades*

As subvencións obxecto da presente orde son compatibles con outras subvencións, axudas ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración pública, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, tendo en conta que o importe total de todas as subvencións recibidas non poderá superar o custo da actividade subvencionada e, en caso contrario, procederá o reintegro.

Disposición adicional primeira. *Infraccións e sancións*

Serán de aplicación as disposicións recollidas no título IV (artigos 50 a 68) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Dereito supletorio*

En todo o non previsto na presente orde será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e, subsidiariamente, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposición derradeira primeira. *Recurso*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data (artigos 8, 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade





ANEXO

Provincia: **A Coruña**

Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
A Coruña	15004009	CPR Plurilingüe Calasancias	53.988 €	100.264 €	154.252 €	20.067 €	174.319 €
	15004010	CPR Calasanz-PP Escolapios	32.393 €	60.158 €	92.551 €	31.128 €	123.679 €
	15004046	CPR Cid	0 €	0 €	0 €	5.720 €	5.720 €
	15004061	CPR Cervantes	0 €	0 €	0 €	1.366 €	1.366 €
	15004083	CPR Plurilingüe Compañía de María	53.988 €	100.264 €	154.252 €	33.105 €	187.357 €
	15004101	CPR Plurilingüe Cristo Rey	57.011 €	105.879 €	162.890 €	6.410 €	169.300 €
	15004198	CPR Plurilingüe Hijas de Jesús	0 €	0 €	0 €	28.062 €	28.062 €
	15004231	CPR Plurilingüe Karbo	0 €	0 €	0 €	7.023 €	7.023 €
	15004265	CPR Plurilingüe Liceo La Paz	55.284 €	102.670 €	157.954 €	61.309 €	219.263 €
	15004356	CPR Nebrija Torre de Hércules	0 €	0 €	0 €	10.422 €	10.422 €
	15004435	CPR Plurilingüe Padres Franciscanos	27.642 €	51.335 €	78.977 €	9.722 €	88.699 €
	15004460	CPR Plurilingüe Peñarredonda	0 €	0 €	0 €	9.390 €	9.390 €
	15004526	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	43.191 €	80.211 €	123.402 €	27.251 €	150.653 €
	15004538	CPR Plurilingüe Salesiano San Juan Bosco	0 €	0 €	0 €	22.217 €	22.217 €
	15004642	CPR Plurilingüe Santa María del Mar	0 €	0 €	0 €	44.565 €	44.565 €
	15004654	CPR Plurilingüe Santo Domingo	0 €	0 €	0 €	20.793 €	20.793 €
	15004770	CPR Plurilingüe Esclavas Sagrado Corazón de Jesús	0 €	0 €	0 €	21.504 €	21.504 €
	15004782	CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha	10.797 €	20.053 €	30.850 €	39.380 €	70.230 €
	15004794	CPR Plurilingüe Fogar de Santa Margarida	129.572 €	240.634 €	370.206 €	32.891 €	403.097 €
	15004861	CEEPR Nosa Señora de Lourdes-Aspronaga	0 €	0 €	0 €	9.395 €	9.395 €
	15005270	CPR Afundación A Coruña	0 €	0 €	0 €	6.665 €	6.665 €
	15005488	CPR López y Vicuña	0 €	0 €	0 €	1.699 €	1.699 €
	15021986	CPR Cruz Roja Española	0 €	0 €	0 €	5.298 €	5.298 €
	15022000	CPR Plurilingüe Montegrande	0 €	0 €	0 €	9.618 €	9.618 €
15027757	CEEPR Aspanaes	0 €	0 €	0 €	5.978 €	5.978 €	
15032431	CPR Aula Nosa	0 €	0 €	0 €	1.178 €	1.178 €	





Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
A Pobra do Caramiñal	15021925	CPR Ntra. Sra. del Monte Carmelo	0 €	0 €	0 €	1.178 €	1.178 €
	15026649	CPR Divino Maestro	0 €	0 €	0 €	2.398 €	2.398 €
Ames	15000132	CPR Plurilingüe Alca	0 €	0 €	0 €	9.779 €	9.779 €
Arteixo	15020431	CPR Agarimo	0 €	0 €	0 €	3.159 €	3.159 €
Arzúa	15000600	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. del Rosario	5.399 €	10.026 €	15.425 €	8.417 €	23.842 €
	15020313	EFAG El Piñeirál	0 €	0 €	0 €	4.084 €	4.084 €
As Pontes de García Rodríguez	15027678	CEEPR Aspanaes	0 €	0 €	0 €	854 €	854 €
Betanzos	15001112	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Carmen	8.638 €	16.042 €	24.680 €	9.997 €	34.677 €
Carballo	15002566	CPR Plurilingüe Artai	30.233 €	56.148 €	86.381 €	10.324 €	96.705 €
	15033071	CEEPR Aspaber	0 €	0 €	0 €	1.708 €	1.708 €
Cee	15003200	CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo	0 €	0 €	0 €	14.774 €	14.774 €
Coristanco	15021974	EFAG Fonteboa	0 €	0 €	0 €	6.955 €	6.955 €
Culleredo	15005853	CPR A Ponte Pasaxe	0 €	0 €	0 €	7.281 €	7.281 €
	15020489	CPR Plurilingüe Montespino	0 €	0 €	0 €	13.308 €	13.308 €
	15024884	CPR Plurilingüe Rías Altas	0 €	0 €	0 €	10.443 €	10.443 €
	15032157	CPR Plurilingüe Andaina	43.191 €	80.211 €	123.402 €	16.372 €	139.774 €
Fene	15006353	CPR Plurilingüe Jorge Juan	0 €	0 €	0 €	18.120 €	18.120 €
Ferrol	15006390	CPR Plurilingüe Jesús Maestro	0 €	0 €	0 €	8.472 €	8.472 €
	15006420	CPR Plurilingüe La Salle	48.589 €	90.238 €	138.827 €	9.894 €	148.721 €
	15006432	CPR Tirso de Molina	0 €	0 €	0 €	33.482 €	33.482 €
	15006456	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	0 €	0 €	0 €	17.591 €	17.591 €
	15006481	CPR Plurilingüe Compañía de María	0 €	0 €	0 €	17.903 €	17.903 €
	15006501	CPR Plurilingüe Cristo Rey	0 €	0 €	0 €	16.550 €	16.550 €
	15006511	CPR Plurilingüe Santa Juana de Lestonnac	13.497 €	25.066 €	38.563 €	16.091 €	54.654 €
	15006547	CPR Plurilingüe San Rosendo	0 €	0 €	0 €	6.503 €	6.503 €
	15006602	CPR Belén	0 €	0 €	0 €	6.990 €	6.990 €
	15006638	CPR Ludy	0 €	0 €	0 €	6.657 €	6.657 €



Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Ferrol	15006882	CPR Plurilingüe Valle Inclán I	0 €	0 €	0 €	8.709 €	8.709 €
	15025359	CEEPR Aspanaes	0 €	0 €	0 €	5.124 €	5.124 €
Fisterra	15007230	CPR Ntra. Sra. del Carmen	0 €	0 €	0 €	6.828 €	6.828 €
Mugardos	15009470	CPR Loyola	0 €	0 €	0 €	7.355 €	7.355 €
Narón	15006596	CEEPR Nosa Señora do Chamorro	0 €	0 €	0 €	854 €	854 €
	15010071	CPR Jorge Juan	10.797 €	20.053 €	30.850 €	8.576 €	39.426 €
	15010137	CPR Ayala	0 €	0 €	0 €	10.391 €	10.391 €
	15010204	CPR Santiago Apóstol	0 €	0 €	0 €	21.311 €	21.311 €
Noia	15010769	CPR Plurilingüe María Assumpta	0 €	0 €	0 €	21.162 €	21.162 €
	15010794	CPR Plurilingüe Jaime Balmes	0 €	0 €	0 €	16.247 €	16.247 €
Oleiros	15011002	CPR Plurilingüe Hijas de Cristo Rey	0 €	0 €	0 €	31.142 €	31.142 €
Pontedeume	15013461	CPR Plurilingüe San José	0 €	0 €	0 €	9.963 €	9.963 €
	15013497	CPR Luís Vives	0 €	0 €	0 €	5.053 €	5.053 €
Ribeira	15014349	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	0 €	0 €	0 €	9.524 €	9.524 €
	15014416	CPR Plurilingüe La Milagrosa-Josefa Sobrido	0 €	0 €	0 €	9.805 €	9.805 €
	15014520	CPR Plurilingüe Galaxia	0 €	0 €	0 €	16.578 €	16.578 €
	15014532	CPR Plurilingüe Bayón	21.595 €	40.106 €	61.701 €	10.519 €	72.220 €
	15032674	CEEPR AMICOS	0 €	0 €	0 €	5.978 €	5.978 €
Sada	15021950	CEEPR Aspace	0 €	0 €	0 €	5.124 €	5.124 €
Santa Comba	15015241	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. Inmaculada	0 €	0 €	0 €	3.798 €	3.798 €
Santiago de Compostela	15015366	CPR Plurilingüe Casa do Neno	0 €	0 €	0 €	5.567 €	5.567 €
	15015378	CPR Plurilingüe Compañía de María	55.284 €	102.670 €	157.954 €	32.001 €	189.955 €
	15015421	CPR Plurilingüe Juventud	0 €	0 €	0 €	4.444 €	4.444 €
	15015469	CPR San Jorge	0 €	0 €	0 €	7.460 €	7.460 €
	15015482	CPR Plurilingüe Emma	0 €	0 €	0 €	11.843 €	11.843 €
	15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	0 €	0 €	0 €	6.553 €	6.553 €
	15015548	CPR Plurilingüe Divino Maestro	0 €	0 €	0 €	17.583 €	17.583 €
	15015551	CPR Plurilingüe La Inmaculada	0 €	0 €	0 €	7.031 €	7.031 €



Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Santiago de Compostela	15015597	CPR Plurilingüe La Milagrosa	0 €	0 €	0 €	6.782 €	6.782 €
	15015603	CPR Plurilingüe La Salle	55.284 €	102.670 €	157.954 €	53.250 €	211.204 €
	15015627	CPR Plurilingüe San José de Cluny	0 €	0 €	0 €	34.637 €	34.637 €
	15015779	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de los Remedios	0 €	0 €	0 €	17.498 €	17.498 €
	15025347	CEEPR Aspanaes-Duques de Lugo	0 €	0 €	0 €	6.833 €	6.833 €
	15027046	CPR Raiola	0 €	0 €	0 €	2.121 €	2.121 €

Provincia: **Lugo**

Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Foz	27004453	CPR Plurilingüe Martínez Otero	8.638 €	16.042 €	24.680 €	9.617 €	34.297 €
	27004465	CPR Plurilingüe Nuestra Señora del Pilar	0 €	0 €	0 €	11.284 €	11.284 €
Lugo	27006218	CPR Plurilingüe Cervantes	0 €	0 €	0 €	7.177 €	7.177 €
	27006231	CPR Plurilingüe Divina Pastora	0 €	0 €	0 €	22.940 €	22.940 €
	27006243	CPR María Auxiliadora	27.642 €	51.335 €	78.977 €	22.885 €	101.862 €
	27006255	CPR Plurilingüe Divino Maestro	12.957 €	24.064 €	37.021 €	12.321 €	49.342 €
	27006280	CPR Plurilingüe Padres Franciscanos	16.197 €	30.079 €	46.276 €	30.889 €	77.165 €
	27006322	CPR Plurilingüe La Inmaculada	36.280 €	67.378 €	103.658 €	21.198 €	124.856 €
	27006358	CPR Plurilingüe La Milagrosa	0 €	0 €	0 €	7.031 €	7.031 €
	27006437	CPR Plurilingüe San José	27.642 €	51.335 €	78.977 €	21.358 €	100.335 €
Monforte de Lemos	27007211	CPR Plurilingüe Fundación Educativa Torre de Lemos	0 €	0 €	0 €	8.889 €	8.889 €
	27007223	CPR Padres Escolapios	0 €	0 €	0 €	18.257 €	18.257 €
	27007235	CPR Ferroviario	0 €	0 €	0 €	9.492 €	9.492 €
Ribadeo	27010911	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	0 €	0 €	0 €	18.301 €	18.301 €
Sarria	27011974	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción	0 €	0 €	0 €	12.705 €	12.705 €
	27011998	CPR Plurilingüe La Merced	10.797 €	20.053 €	30.850 €	9.616 €	40.466 €
Sober	27011718	CPR Belarmino Fernández Iglesias	0 €	0 €	0 €	2.787 €	2.787 €



Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Viveiro	27013624	CPR Plurilingüe Landro	0 €	0 €	0 €	5.928 €	5.928 €

Provincia: **Ourense**

Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
A Rúa	32020631	CPR Pablo VI Fátima	0 €	0 €	0 €	7.099 €	7.099 €
Celanova	32003783	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	0 €	0 €	0 €	7.203 €	7.203 €
Coles	32016731	CPR Malvedo	0 €	0 €	0 €	2.190 €	2.190 €
O Barco de Valdeorras	32001661	CPR Plurilingüe Divina Pastora	0 €	0 €	0 €	16.155 €	16.155 €
O Carballiño	32002973	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	0 €	0 €	0 €	11.242 €	11.242 €
	32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	0 €	0 €	0 €	8.804 €	8.804 €
O Pereiro de Aguiar	32016194	CPR Plurilingüe Guillelme Brown	0 €	0 €	0 €	8.653 €	8.653 €
	32020720	CPR Plurilingüe Miraflores	0 €	0 €	0 €	7.835 €	7.835 €
Ourense	32008410	CPR Plurilingüe Santo Ángel	64.786 €	120.317 €	185.103 €	18.882 €	203.985 €
	32008446	CPR Concepción Arenal	0 €	0 €	0 €	27.231 €	27.231 €
	32008458	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	43.191 €	80.211 €	123.402 €	30.077 €	153.479 €
	32008513	CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús	44.486 €	82.618 €	127.104 €	47.232 €	174.336 €
	32008525	CPR Plurilingüe Divina Pastora	0 €	0 €	0 €	22.535 €	22.535 €
	32008550	CPR Plurilingüe San José	0 €	0 €	0 €	27.684 €	27.684 €
	32008604	CPR Plurilingüe Santa María	32.393 €	60.158 €	92.551 €	34.482 €	127.033 €
	32008616	CPR Plurilingüe Padre Feijoo Zorelle	0 €	0 €	0 €	10.206 €	10.206 €
	32008665	CPR Plurilingüe Divino Maestro	0 €	0 €	0 €	11.766 €	11.766 €
	32008707	CPR Plurilingüe La Purísima	1.296 €	2.406 €	3.702 €	9.826 €	13.528 €
	32008914	CPR Santo Cristo	0 €	0 €	0 €	6.969 €	6.969 €
	32009050	CPR Plurilingüe San Pío X	0 €	0 €	0 €	6.969 €	6.969 €
	32009062	CPR Cardenal Cisneros	0 €	0 €	0 €	4.006 €	4.006 €
32009189	CPR Ramón María del Valle-Inclán	0 €	0 €	0 €	3.182 €	3.182 €	



Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Ourense	32015530	CPR San Martín	0 €	0 €	0 €	6.692 €	6.692 €
	32016728	CPR Plurilingüe Luís Vives	0 €	0 €	0 €	19.513 €	19.513 €
	32020823	CEEPR Ilustre Mestre	0 €	0 €	0 €	1.708 €	1.708 €
Verín	32013557	CPR Plurilingüe María Inmaculada	0 €	0 €	0 €	18.800 €	18.800 €

Provincia: **Pontevedra**

Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
A Estrada	36002323	CPR Plurilingüe Nuestra Señora de Lourdes	0 €	0 €	0 €	8.452 €	8.452 €
A Guarda	36003960	CPR Plurilingüe Padres Somascos	0 €	0 €	0 €	9.166 €	9.166 €
	36003996	CPR Plurilingüe San José	0 €	0 €	0 €	8.431 €	8.431 €
	36019840	CEEPR San Jerónimo Emiliani	0 €	0 €	0 €	5.978 €	5.978 €
A Illa de Arousa	36013801	CPR Sonrisas y Lágrimas	0 €	0 €	0 €	3.453 €	3.453 €
As Neves	36005671	EFAG A Cancela	0 €	0 €	0 €	5.402 €	5.402 €
Bueu	36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	0 €	0 €	0 €	9.103 €	9.103 €
Caldas de Reis	36000417	CPR Plurilingüe San Fermín	0 €	0 €	0 €	15.691 €	15.691 €
	36000429	CPR Plurilingüe La Encarnación	0 €	0 €	0 €	6.476 €	6.476 €
Cambados	36000569	CPR Salesianos A Mercé	0 €	0 €	0 €	4.804 €	4.804 €
Cangas	36000831	CPR Plurilingüe Sagrada Familia	0 €	0 €	0 €	8.702 €	8.702 €
	36000910	CPR Plurilingüe Casa de la Virgen	0 €	0 €	0 €	8.359 €	8.359 €
	36001008	CPR Plurilingüe Compañía de María	0 €	0 €	0 €	15.244 €	15.244 €
	36016115	CPR Eduardo Pondal	0 €	0 €	0 €	15.335 €	15.335 €
Gondomar	36015949	CPR San José	0 €	0 €	0 €	4.410 €	4.410 €
Lalín	36004113	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón	0 €	0 €	0 €	9.981 €	9.981 €
Marín	36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	0 €	0 €	0 €	19.069 €	19.069 €
	36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	0 €	0 €	0 €	17.660 €	17.660 €
Mos	36005427	CPR Plurilingüe Lar	0 €	0 €	0 €	26.164 €	26.164 €



Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Nigrán	36005919	CPR Plurilingüe Ángel de la Guarda	0 €	0 €	0 €	9.284 €	9.284 €
	36018847	CEEPR Juan María	0 €	0 €	0 €	5.978 €	5.978 €
	36020155	CPR Estudio	0 €	0 €	0 €	8.931 €	8.931 €
O Grove	36003820	CPR Nuestra Señora del Carmen	0 €	0 €	0 €	866 €	866 €
O Porriño	36006973	CPR Plurilingüe Hermanos Quiroga Rodríguez	0 €	0 €	0 €	8.390 €	8.390 €
	36006997	CPR Santo Tomás	27.642 €	51.335 €	78.977 €	10.951 €	89.928 €
	36017031	CEEPR Aceasca	0 €	0 €	0 €	6.833 €	6.833 €
Pontearreas	36007515	CPR Plurilingüe Santiago Apóstol	0 €	0 €	0 €	13.730 €	13.730 €
	36007527	CPR Plurilingüe La Inmaculada	0 €	0 €	0 €	9.701 €	9.701 €
Pontevedra	36006237	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús, Placeres	0 €	0 €	0 €	21.654 €	21.654 €
	36006456	CEEPR Juan XXIII	0 €	0 €	0 €	5.124 €	5.124 €
	36006641	CPR Plurilingüe Calasancio	26.346 €	48.929 €	75.275 €	19.985 €	95.260 €
	36006675	CPR San José	0 €	0 €	0 €	6.386 €	6.386 €
	36006699	CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús	52.261 €	97.055 €	149.316 €	31.787 €	181.103 €
	36006705	CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de los Dolores	0 €	0 €	0 €	29.497 €	29.497 €
	36019815	CEEPR Amencer	0 €	0 €	0 €	6.833 €	6.833 €
Redondela	36018033	CPR Plurilingüe Vigo	0 €	0 €	0 €	15.843 €	15.843 €
Sanxenxo	36016024	CPR Plurilingüe Abrente	0 €	0 €	0 €	10.859 €	10.859 €
Silleda	36009123	CPR Plurilingüe María Inmaculada	0 €	0 €	0 €	9.291 €	9.291 €
Soutomaior	36009147	CPR Santiago Apóstol	0 €	0 €	0 €	19.359 €	19.359 €
Tui	36019876	CPR Santa María	0 €	0 €	0 €	10.200 €	10.200 €
Vigo	36009925	CPR Plurilingüe Amor de Dios	0 €	0 €	0 €	27.313 €	27.313 €
	36010095	CPR Martín Códax	17.276 €	32.085 €	49.361 €	29.769 €	79.130 €
	36010216	CPR Plurilingüe Divino Salvador	39.735 €	73.795 €	113.530 €	18.660 €	132.190 €
	36010253	CEEPR Fogar e Clin. San Rafael	0 €	0 €	0 €	5.124 €	5.124 €
	36010356	CPR Plurilingüe Escuelas Nieto	0 €	0 €	0 €	9.957 €	9.957 €
	36010435	CPR Plurilingüe El Castro	27.642 €	51.335 €	78.977 €	10.185 €	89.162 €
	36010794	CPR Fillas de María Inmaculada	0 €	0 €	0 €	8.869 €	8.869 €



Datos do centro			Contratación profesorado (artigo 6.1)			Adecuación de espazos, material hixiénico-sanitario... (artigo 6.2)	Total
Concello	Código	Denominación	Ano 2020	Ano 2021	Total		
Vigo	36010800	CPR Plurilingüe Niño Jesús de Praga	0 €	0 €	0 €	10.443 €	10.443 €
	36010824	CPR Plurilingüe Monterrey	0 €	0 €	0 €	9.536 €	9.536 €
	36010836	CPR Breogán	0 €	0 €	0 €	2.364 €	2.364 €
	36010848	CPR Plurilingüe San Fernando	0 €	0 €	0 €	8.458 €	8.458 €
	36010897	CPR Santa Cristina	0 €	0 €	0 €	8.847 €	8.847 €
	36010903	CPR Plurilingüe Apóstol Santiago	0 €	0 €	0 €	41.092 €	41.092 €
	36010915	CPR Plurilingüe Atlántida	864 €	1.604 €	2.468 €	13.192 €	15.660 €
	36010927	CPR Plurilingüe Alborada	18.140 €	33.689 €	51.829 €	10.581 €	62.410 €
	36010939	CPR Plurilingüe Barreiro	0 €	0 €	0 €	9.721 €	9.721 €
	36010976	CPR Plurilingüe Compañía de María	0 €	0 €	0 €	20.423 €	20.423 €
	36011099	CPR Plurilingüe Labor	0 €	0 €	0 €	21.054 €	21.054 €
	36011117	CPR Plurilingüe Losada	0 €	0 €	0 €	10.351 €	10.351 €
	36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	40.167 €	74.597 €	114.764 €	16.363 €	131.127 €
	36011166	CPR Plurilingüe María Inmaculada	0 €	0 €	0 €	24.474 €	24.474 €
	36011178	CPR Plurilingüe Miralba	0 €	0 €	0 €	26.999 €	26.999 €
	36011181	CPR Plurilingüe Mariano	0 €	0 €	0 €	49.121 €	49.121 €
	36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2	0 €	0 €	0 €	10.766 €	10.766 €
	36011221	CPR Plurilingüe Padre Míguez	27.642 €	51.335 €	78.977 €	21.097 €	100.074 €
	36011257	CPR Plurilingüe El Pilar	40.599 €	75.399 €	115.998 €	28.387 €	144.385 €
	36011270	CPR Plurilingüe Rosalía de Castro	0 €	0 €	0 €	21.125 €	21.125 €
	36011300	CPR Plurilingüe San Blas-Vista Alegre	27.642 €	51.335 €	78.977 €	8.764 €	87.741 €
	36011312	CPR San Fermín	0 €	0 €	0 €	5.803 €	5.803 €
	36011348	CPR San Miguel	0 €	0 €	0 €	9.819 €	9.819 €
	36011351	CPR Plurilingüe San José de Cluny	3.887 €	7.219 €	11.106 €	19.401 €	30.507 €
	36011361	CPR Plurilingüe San José de la Guía	0 €	0 €	0 €	14.653 €	14.653 €
	36011385	CPR Plurilingüe Ntra. Señora de la Esperanza	0 €	0 €	0 €	8.603 €	8.603 €
36011491	CPR Plurilingüe Possumus	0 €	0 €	0 €	9.181 €	9.181 €	
36011518	CPR Plurilingüe Mercantil	0 €	0 €	0 €	10.454 €	10.454 €	

